

## **INFORME DE FACENDA LOCAL**

### **APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADAS ORDENANZAS FISCAIS.**

Recibidas as pertinentes propostas dos distintos servizos deste Concello, e para os efectos de dar cumprimento ao Decreto da Alcaldía núm. 9395/2022, do 27 de setembro de 2022, tramítase o expediente para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais.

O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en adiante LRBRL, e no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en adiante TRLRFL.

O artigo 12 do TRLRFL establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento, tendo as Entidades Locais a través das Ordenanzas Fiscais a capacidade de exercer a potestade regulamentaria en materia tributaria.

Esta potestade regulamentaria do Concello en materia de aprobación de ordenanzas ampárase no disposto nos artigos 4.1.a) e 106.2 da LRBRL, así como nas normas procedimentais necesarias para a aprobación das ordenanzas fiscais que se conteñen nos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Recóllense a continuación os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de Área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos, incluíndo o de Facenda Local, para a modificación das Ordenanzas fiscais.

### **ORDENANZA FISCAL XERAL**

1) Pola Tesoureira Municipal propóñense as seguintes modificacións:

- Modificar o punto 7 do artigo 42 respecto da documentación que deben achegar as persoas físicas e xurídicas para o aprazamento e fraccionamento das débedas tributarias.

- Modificar o punto 1 do artigo 43º, modificando o prazo no que deberá achegarse o Aval dende o acordo da notificación da concesión, pasando de trinta días a dous meses.

## FACENDA LOCAL

JMP/pfa

Refª: ispac3018961907020830773.doc

Asunto:

- Modificar o punto 3 do artigo 43º , modificando o importe da contía da da débeda a aprazar ou fraccionar pola que non se esixirá garantía, pasando de 4.000€ a 10.000€

2) Polo Servizo de Facenda Local, aos efectos da mellora da xestión e simplificación administrativa na aplicación das exencións e bonificacións previstas nas taxas, plantéxase a modificación do artigo 12. 2 da Ordenanza Fiscal Xeral, no sentido que se admita como solicitude de exención ou bonificación as aplicacións das exencións ou bonificacións na correspondente autoliquidación.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 103 REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS**

Visto que o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo polo que se establecían as bases para a execución das obras do anteproxecto do centro integral de saúde do Barrio da Residencia, Reconversión do Antigo Hospital Materno Infantil de Lugo en centro de saúde mental centro de saúde, PAC e Base do 061, finalizou na data de 22.09.2022, e posto que en virtude deste convenio estableceuse no parágrafo 12 do artigo 3º da ordenanza fiscal número 103 reguladora das taxas pola prestación de servizos urbanísticos unha exención nas devanditas taxas polas obras destinadas estritamente ao Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia, plantéxase polo Servizo de Facenda Local a supresión do devandito parágrafo.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 116 REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS**

O Concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento e a Xefa do Servizo de Educación propoñen as seguintes modificacións da ordenanza fiscal número 116 reguladora das taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais:

- Modificación do punto 2 do artigo 3 respecto das tarifas de renda per cápita, cota atención, cota comedor.
- Supresión do artigo 7º reativo aos descontos.
- Modificación da disposición final para que comece a aplicarse esta ordenanza, trala publicación da modificación no BOP.

Incorpórase ao expediente estudo económico para a modificación da taxa. O importe das taxas pola prestación do servizo non exceden, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Polo Servizo de Facenda Local plantéxase a modificación do segundo parágrafo da letra a) do artigo 5 da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica relativo ao procedemento de concesión de beneficios fiscais neste imposto.

No suposto de que un vehículo teña concedida unha exención por discapacidade cun certificado de discapacidade con validez non definitiva pola temporalidade do devandito certificado, propónse que se manteña a continuidade de exención, se se presenta un novo certificado prorrogado, durante o exercicio no que finalice a temporalidade do certificado, aos efectos de evitar as correspondents anulacións e devolucións de recibos.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

Polo Servizo de Facenda Local plantéxase a modificación do artigo 14 relativo á cota tributaria da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana en concordancia co establecido no artigo 107.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei regulaora das facendas locais, regulador da base imponible, no que se consideran períodos de xeración inferiores a 1 ano.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 202 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS**

1) Aos efectos da mellora da xestión e simplificación administrativa na aplicación das bonificacións previstas dos parágrafos 2 a 7 do artigo 4 bis “exencións e bonificacións” da ordenanza fiscal número 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras plántexase polo servizo de Facenda Local engadir un parágrafo oitavo regulando as devanditas bonificacións como bonificacións a instancia de parte, admitindo coma tal a aplicación da bonificación na correspondente autoliquidación.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais.

**FACENDA LOCAL**

JMP/pfa

Refª: ispac3018961907020830773.doc

Asunto:

2) Visto que o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo polo que se establecían as bases para a execución das obras do anteproxecto do centro integral de saúde do Barrio da Residencia, Reconversión do Antigo Hospital Materno Infantil de Lugo en centro de saúde mental centro de saúde, PAC e Base do 061, finalizou na data de 22.09.2022, e posto que en virtude do devandito convenio estableceuse no parágrafo 9 do artigo 4º bis da ordenanza fiscal número 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estritamente ao Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia, plantéxase polo Servizo de Facenda Local a supresión do devandito parágrafo.

3) En virtude do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Cento de Saúde A Milagrosa, asinado na data de 22.06.2022, vixente por un período de catro anos dende a súa sinatura (ata 22.06.2026) na cláusula 2ª o Concello de Lugo comprometeuse a modificar a Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% “ a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración”.

Polo que polo servizo de facenda local propónse modificar o artigo 4º Bis da Ordenanza Fiscal número 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras establecendo unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estritamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa ata a data de 22.06.2026.

A posibilidade de establecer a devandita bonificación atópase prevista no 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na que se regula a posibilidade de establecer unha bonificación de ata o 95% no imposto sobre construcións, instalacións e e obrs, nas obras declaradas de especial interese ou utilidade municipal. A regulación dos restantes aspectos sustantivos e formais establéranse na correspondente ordenanza fiscal.

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

1) En virtude do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a execución das obras de reforma do Cento de Saúde A

Milagrosa, asinado na data de 22.06.2022, vixente por un período de catro anos dende a súa sinatura (ata 22.06.2026) na cláusula 1ª o Concello de Lugo comprometeuse a modificar a Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles para recoller unha exención no imposto sobre bens inmobles a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Polo que polo servizo de facenda local propónse modificar o apartado 2) do artigo 4 da Ordenanza Fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles regulando unha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde ata a data de 22.06.2026.

A posibilidade de establecer a devandita exención atópase prevista no 62.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na que se regula a posibilidade de establecer unha exención no imposto sobre bens inmobles: "As ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados o cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención establecerase na ordenanza fiscal"

2) Aos efectos de facilitar a tramitación dos expedientes relativos ao outorgamento de bonificacións no imposto sobre bens inmobles a aqueles suxeitos pasivos no imposto que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, no sentido de non ter que renovar anualmente a solicitude de bonificación, senón acorde co prazo vixente establecido no correspondente título de familia numerosa expedido polo órgano competente da administración autonómica ata a súa caducidade polo servizo de facenda local plantéxase a modificación do apartado 4) do artigo 5 da Ordenanza Fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido de que a bonificación no imposto sexa concedida ata a data sinalada como de caducidade no título de familia numerosa aportada polo interesado.

Todo elo en virtude do establecido no artigo 74.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, no que se establece que na ordenanza fiscal deberán especificarse as aspectos substantivos e formais da bonificación.

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, engadido por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e artigo 49 do mesmo corpo legal, e artigo 17 e seguintes do Real decreto lexislativo

**FACENDA LOCAL**

JMP/pfa

Refª: ispac3018961907020830773.doc

Asunto:

2/2004, do 5 de marzo TRLRFL, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a tramitación axustarase ao seguinte procedemento:

**PRIMEIRO.-** Someter a aprobación á Xunta de Goberno Local os proxectos de modificación de determinadas Ordenanzas fiscais

Como trámites previos deberán recabarse o ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo e os informes do Secretario xeral do Pleno e do Interventor xeral municipal.

**SEGUNDO.-** De seren aprobados os devanditos proxectos, elevaranse ao Excmo. Concello Pleno para a súa aprobación inicial por maioría simple.

**TERCEIRO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

**CUARTO.-** De terse presentado reclamacións, estas deberán valorarse pola Xunta de Goberno Local, que decidirá se modifica ou mantén o texto inicial, con carácter previo á resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais.

Deberá publicarse o texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica (Manuel Louzao Aldariz), na data que se indica á marxe.